

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN SERVIZOS CULTURAIS DA FACULTADE DE HUMANIDADES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Presidenta do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 28 de febreiro de 2020 ata o 28 de febreiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións do Consello da Cultura Galega, así como achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- 1- A preocupación da USC por adecuar os programas educativos ás necesidades do mundo laboral contribuíndo a formación do alumnado mediante a realización de prácticas.
- 2- Que os Estatutos da USC establece que se poida contar coa colaboración de persoas profesionais externos no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de acordos ou convenios.
- 3- Delimitar as garantías recíprocas do alumnado e o Consello da Cultura Galega.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a vinte e oito de febreiro de dous mil vinte.

